

SESIÓNS DE ARTE. 5 ANOS.

Como ben sabedes iniciamos terceiro trimestre, e de momento faremolo así, telematicamente, agardando que a tódalas familias vos resulte fácil e divertido levar a cabo as tarefas que iremos recollendo neste apartado.

Cada semana traballaremos diferentes contidos e obxectivos a través de varias propostas, especificando todo o que precisades para realizalas.



SEMANA 14 A 19 DE ABRIL

Ó longo deste curso e partindo dun proxecto de aula, estivemos traballando a representación da figura humana dende a nosa propia perspectiva e a de diferentes autores. Tocamos así figuras coma Keith Haring, a simboloxía da arte rupestre ou Leonardo da Vinci, o que nos levou a comparalos, percibindo as diferenzas entre uns e outros e apreciando as diversas técnicas que empregaban nas súas obras, así coma profundizar na concepción do noso esquema corporal.

Neste 3º trimestre empezariamos con Pablo Picasso. Recollo aquí, tres propostas para levar a cabo no mes de abril.

Proposta 1. "Quen é Pablo Picasso?"

Cada vez que introducimos un autor facemos unha pequena presentación cos datos máis relevantes ós ollos dos nenos/as e coas súas obras máis representativas. Normalmente na clase imos descubrindoos todos xuntos, buscando información, así que no posible, imos intentar seguir esa premisa.

Se tedes libros pola casa que poidan ter información útil, ou senón no ordenador (tableta,...) imos buscando o nome, para elo, primeiro teño que ter claro, así que antes de nada, escribímolo nun papel que teñades a man. Os adultos/as escolledes un pouco os datos máis interesantes e achegádesllos, acompañandoos sempre de imaxes.

Deixovos un pequeno vídeo, que narrando a modo de conto, vailles ir amosando detalles da súa vida e obra, familiarizandoos co que imos traballar. Buscade o link que aparece abaixo en youtube:

<https://youtu.be/mjpb1m0Vb8s> (ou o que é o mesmo, na canle de Youtube "Picasso para niños. CPI Ramón y Cajal")



Logo ensinámolles as seguintes obras:

- As señoritas de Avignon
- Autorretrato (de 1907)
- A muller que chora
- O vello guitarrista cego
- Guernica
- Jacqueline con flores

Mentres as observan, preguntámoslles que ven, si son capaces de buscar “persoas”, se son coma os nosos debuxos, si lles gustan, se atopan figuras xeométricas (cadrados, círculos, triángulos),...



SEMANA 20 A 26 DE ABRIL

Recordamos o que vimos na anterior sesión. Hoxe, imos semellar algunhas obras de Picasso a través da técnica do collage.

Proposta 2. “Constrúeme”.

Precisamos: revistas, folletos, ou xornais que non nos sirvan, tesoiras, pegamento de barra, un folio e un lápis.

A idea é ir construíndo unha figura humana con recortes das diferentes partes dos corpos sacadas de revistas, folletos ou xornais. Hai que ser minucioso/a e recortar segmentos pequenos do corpo, xogando cos tamaños. Deixovos dous exemplos, para que sirvan de referencia.



Ó rematar poñemos o nome por detrás no folio, e gardámoslos nun cartafol, para traer para a escola.

SEMANA 27 DE ABRIL A 3 DE MAIO

Seguimos na liña da semana pasada, traballando coas composicións.

Proposta 3. “Busto ó meu gusto”

Precisamos: folio, lápis, cores (ceras), tesoiras, pegamento de barra, un espello e a folla do anexo.



Somos libres para crear, e facémolo da maneira que máis nos guste. Ensinámoslle cadros de Picasso, facéndoos caer na orde dos elementos da cara, vendo que non segue o mesmo patrón que temos na nosa, sin simetrías.

Na folla que vos anexo, aparecen diferentes modelos das partes da cara. Deben ir escollendo os que queiran.

Nun folio debuxan a silueta dunha cara. Collen a folla impresa que vos adxunto e deciden que nariz queren, que ollos prefiren, ó igual que coa boca e as orellas. Recortan e danlle unha cor distinta a cada cal, logo pérganas na faciana do seu papel, sen buscar ordes, como fai Picasso, colocándoas como máis lle gusta.

Seguramente, moitos dos nenos/as reproduzan o noso esquema corporal, e non pasa nada. Pero o que si buscamos é que sean conscientes doutros modos de facelo, vendo que o resultado nos conduce á mesma idea.

Finalmente observan a composición final e buscamos un espello. Comparan esa cara coa súa. Parecémonos?

(No caso de non poder imprimir a folla do anexo, podemos debuxar igual os distintos elementos nun folio aparte, darlle cor, e recortar, cuidando un pouco o tamaño)

Anexo da proposta 3 (para imprimir)

